

BUEU NO EXILIO RUSO



Arturo S. Cidrás

BUEU
NO EXILIO RUSO

© Arturo Sánchez Cidrás
Bueu no exilio ruso

© Limiar - Xaime Toxo

Colabora o grupo “O mar por diante” e o Ateneo de Pontevedra

ISBN:
Depósito legal:

Impreso en Irisar diseño e impresión – Cangas 2020

Editado polo concello de Bueu

*Para que Emma, Martín, Carmen e Juan
coñezan máis o pasado do seu pobo
e isto lles sirva para mellorar o seu futuro.*

Limiar

A REPÚBLICA DOS NENOS.

Hai dous enunciados lingüísticos que santifican á IIª República Española: **instrucción pública** e **cultura popular**. A España do primeiro terzo do século XX era un país tremendamente desigual e cunha taxas de analfabetismo atroces, insoportables. A República chegaba para reformar o país até os alicerces, con prudente moderación pero sen descanso. Nace, sobre todo, para poñerlle freo á desigualdade social e reverter as carencias que en materia de ensino pública manteñen á poboación máis desfavorecida nunha ignorancia practicamente medieval. A República significou un amencer pedagóxico, unha auténtica revolución - esta si que vai ser real, necesaria e eficaz - na formación, na divulgación, na investigación. Unha república de mestres, intelectuais e nenos. Tres estamentos modélicos polos que os dirixentes que levan adiante as reformas sentían unha predilección case mística. Sabían que acertarían favorecendo unha república do saber e do coñecemento, ou fracasarían de novo como alternativa reformadora e modernizadora a un país eclesiástico, atrasado con respecto a Europa, rexido por costumes e tradicións atavicamente bárbaras, militarizado en sucesivas levas de fracaso colonial, xerarquizado en clases e estamentos propios do Antigo Réxime, baixo o dominio de rendeiros improdutivos e monárquicos de casino. A República intuía que o tesouro eran os nenos, os nenos republicanos, unha fermosa metáfora. E a cova do tesouro deberían ser as escolas. Escolas laicas, mixtas, modernas, con recursos e métodos pedagóxicos actualizados, baseados en ciencia e non en crenza, en teorías contrastadas noutros modelos nacionais de éxito. Os grandes innovadores da escola moderna asomaban, por primeira vez sen medo, as súas socráticas cabezas nas aulas onde os alumnos españois repetían unha

insoponible lista de reis godos. Un Ferrer i Guardia resarcido do seu fusilamento a causa dos sucesos acaecidos a Semana Tráxica de 1909 en Barcelona, Francisco Giner de los Rios, Manuel Bartolome Cossio, Rosa Sensat, Lorenzo Luzuriaga, Rodolfo LLopis, a Institución Libre de Enseñanza, as Colonias Escolares, as Misiones Pedagógicas, cun papel estelar reservado ao rianxeiro Rafael Dieste. Un pórtico de ouro que anunciaba un futuro de esplendor para a cultura en España. Unha cultura que dunha vez por todas desterraría a violencia exercida sobre os nenos como exclusivo método de aprendizaxe. Maltratar aos máis débiles será considerado a forma máis cruel de infamia. A República repudia como practica de tortura a disciplina bárbara que até entón se entendera como a relación natural entre o profesor e o escolar. O franquismo a recuperaría e a fomentaría até impoñela como a única imprescindible e recomendable. Aos nenos, como as bestas, había que domalos. Aquela horrible máxima de “la letra con sangre entra” fora derrotada, só permanecería no recordo para deixar constancia da infamia dos tempos pasados. Poucos anos despois pasaría de novo a ser o primeiro mandamento das regras nos centros educativos entregados ás ordes relixiosas. A educación de novo en mans da Igrexa. Atrás quedarían os sorrisos dos nenos republicanos, que baixo a custodia de mestres, a maioría deles moi novos, depositaran nas ferramentas da alegría e da confianza súa esperanza de conseguir a marabilla do coñecemento, a valía persoal, o mérito propio, o ascenso logrado. A IIª República Española foi unha factoría de producir mestres. Si, por suposto, sentíase a necesidade de obter aceiro, ferro, chumbo, materias que lle daban forma ás máquinas. Artesáns, obreiros, labradores e mariñeiros que as fixesen funcionar. Mais había algo máis urxente e necesario, había que formar as mentes que lle desen forma aos españois do futuro. Necesitábanse formadores a oito para poñer en marcha as escolas que agromaban como flores dun xardín de caraveis vermellos, margaridas amarelas e alelís morados. A luz que emanou das escolas republicanas foi o escintileo dun faro que alumeou a esperanza o que durou unha noite estrelada. Unha noite que se había de toldar con prontitude en escenario de tormenta para dar lugar a outra noite, esta de muros, foxas, cunetas, devasas, afundimentos e “paseos”. A sublevación militar de inspiración fascista comezou en territorio marroquí baixo dominio español o 17 de xullo de 1936. Nos patios de recreo das escolas republicanas a canción infantil que acompañaba os xogos calou en seco e a melodía das estrofas virou en pranto. Que ía ser daqueles españois do futuro? O que Arturo Sánchez Cidrás nos conta especialmente ben tratado neste traballo titulado **Bueu no exilio ruso** é o que sucedeu con algúns destes nenos nunha situación de excepcionalidade que bordea o increíble, o imposible de imaxinar. Unha vez máis a realidade supera con amplitude a ficción. Sen dúbida, asombra e fascina a historia destas persoas.

Co inicio da guerra os responsables da República prepararan medidas para salvagardar a vida e o benestar dos máis novos ameazados polos sucesivos fronte urbanos que transforman as cidades en obxectivos militares. Bombardeadas e sometidas a cerco, a fame e a morte fan a súa aparición. Miles de cativos son conducidos en barco á seguridade de países que os acollen, máis ou menos aliados do goberno legal. Son os coñecidos como **Os nenos da guerra** ou **Os nenos de Rusia**, aínda que non todos se dirixiron á Unión Soviética como país de refuxio. Francia, Bélxica, Reino Unido, México e outros países acolleron a nenos españois que fuxían das ofensivas do exercito franquista. Arturo Sánchez Cidrás relata o tremendo drama de 3 destes nenos e nenas e a odisea humana dun mozo soldado, José Antonio Mauricio García. Dramas persoais, poderíamos pensar, claro, porque lle sucede a persoas con nome e apelido, en circunstancias que só lle competen a eles, no marco do que consideramos ou adoitamos denominar “a intimidade persoal e familiar”; pero hai algo que nos indica que transcende iso, que vai máis alá, que a natureza do que lle aconteceu e estes nenos forma parte da categoría do drama colectivo, social, histórico que estaba vivindo España. Son dramas, os deles, de todos nós como pobo, por iso temos a obriga de coñecelos, documentalos, investigalos, transmitilos. Por iso debemos agradecerlle a Arturo seu labor de reparación e xustiza. Que lle pasase a Carmen Libertad, José e Antonio é aleatorio. Todos somos eses meniños extirpados dun tronco sentimental compartido. As sociedades de ben teñen unha débeda permanente con aqueles que defenderon e defenden a liberdade e a dignidade de todos. Nós temos unha débeda con estes nenos porque, simbolicamente, eles representan a legalidade do Estado democrático fronte a vasalaxe ditatorial. A fame, o frío, a soidade e o medo, que os houbo a moreas, converten esta historia nunha peripecia humana excepcional. O simbolismo que agocha esa peripecia convértea nun capítulo imprescindible da nosa dignidade como pobo. Por iso, unha vez máis, o noso agradecemento a Arturo Sánchez Cidrás, mestre que nos ensina a ver.

Xaime Toxo, verán 2020.

«Os nenos da guerra de Bueu»

‘Nenos da Guerra’ é unha expresión que en cada momento histórico ten unhas connotacións moi específicas, mais sempre reflicte unha realidade, especialmente dolorosa polas vulnerabilidade dos pequenos aos que se fai referencia. Sen esquecer esas outras acepcións que puideran ter, nestas notas falaremos dos ‘Nenos da Guerra’ en referencia a todos aqueles menores que foron evacuados, entre 1937 e 1939, polas autoridades republicanas españolas a países ‘amigos’ e/ou sensibles co drama que estaba a vivir a sociedade do noso país coa finalidade de “evitarlles a crueldade da guerra”. A maioría, por estar atrapados en cidades que pronto serían tomadas militarmente ou por ser fillos de destacados políticos, sindicalistas ou militares republicanos susceptibles de represalias e asañamentos.

O destino, e a busca dunha vida mellor, fixo que nos anos trinta do século pasado bastantes familias da Ría de Pontevedra vencelladas ao mar, estiveran asentadas en portos do Cantábrico.

De todas estas familias acoutaremos a mirada no concello de Buen, que nos servirá de mostra do acontecido nesas datas tan aciagas da historia con algúns dos seus fillos.

I – Familia de José e Antonio Rey Pereira

A partires do mes de marzo de 1964 emitíuse na Televisión Española o programa: “*Reina por un día*” cos presentadores José Luís Bcelona e Mario Cabré. A finalidade do mesmo era facer posibles os soños das mulleres elixidas, que previamente mandaran un escrito á TVE explicando os seus desexos: viaxar, regalos, atoparse con algún familiar, etc.

Sería a raíz do éxito deste programa cando Josefa Pereira Ogando lle pide axuda á parteira M^a Eugenia Bolívar, na casa da cal estaba a servir. Esta acepta o reto e decide implicarse a fondo pasando a xogar un papel moi importante tutelando e avalando unha serie de peticións a institucións como a Cruz Vermella, Embaixadas, Ministerios, etc. na súa calidade de Presidenta local da Sección Feminina de FET de las JONS.



Josefa Pereira Ogando

Paralelamente a estas xestións “oficiais”, o 8 de setembro de 1965 envía unha carta ao programa da TVE “*Reina por un día*” contándolle a historia de Josefa Pereira con dous dos seus fillos aos que 28 anos atrás evacuaran para Rusia e que o seu soño, como nai, era volver a velos.

Grazas a iso, e aínda que non foi elixida ‘raíña’, chegaronos algunhas notas polas que coñecemos un pouco máis da historia desta familia.

A Familia

Un sábado 27 de xaneiro de 1923 Josefa Pereira Ogando contrae matrimonio con Manuel Rey Curra, mariñeiro de profesión e pai do seu fillo Manuel que nesa data tiña 2 anos.

Para manter a familia, Manuel vai de cando en vez nunha lancha do xeito¹ pois son anos complicados en xeral no país, pero especialmente duros no mundo da pesca. As dificultades medran ao mesmo ritmo que aumenta a familia. En 1932 xa eran catro criaturas: Manuel, Laura, José e Antonio. Se a isto lle sumamos as desavinzas entre Josefa e os seus pais a situación familiar faise insostible polo que, ante expectativas máis prometedoras que oen aos seus conveciños en canto á calidade do traballo e melloras económicas noutros portos, deciden mudarse a vivir a Xixón.

Xixón

Nos primeiros tempos de estancia no porto asturiano, Manuel atopou traballo nun barco do Gran Sol e parecía que todo cambiaba a mellor. Mais, como di o refrán ‘*Na casa do pobre, pouco dura a alegría*’, e comezan os problemas e preitos *M^a Eugenia Bolívar* para reivindicar o abono correcto do salario pois estes estaban ao arbitrio dos armadores. Aí comeza a súa traxectoria coma sindicalista. Anos despois, nesa cidade os sorprende o inicio da Guerra Civil co nacemento dunha nova filla, Josefa, que en palabras da súa nai o fixo “*en medio de mil perigos e traxedias*”. Desta filla non volveremos a ter referencias ata que, xa moza, decidiu profesar de monxa nun convento en Lisboa, apoiada pola mesma M^a Eugenia Bolívar para quen traballaba, coma súa nai. O lugar non o é estraño se temos en conta de que o seu avó materno, José Pereira que viñera a traballar de serrador e casou en Bueu, era oriúndo de Amiais Baixo (concello de Santarém, Portugal) onde seguían a ter familia por esas datas.



¹ Lancha utilizada tradicionalmente para este tipo de Arte de pesca. Simplificando diríamos que o xeito é un ‘arte de enmalle de deriva’ que consiste nunha longa rede rectangular que se estende e se deixa durante horas para que o peixe, como a sardiña, que se despraza malle nela.

O xoves 23 de setembro de 1937 os irmáns José e Antonio Rey Pereira, de 8 e 6 anos respectivamente, saen da casa cara a escola como un día calquera máis. Ninguén da familia podía prever que ese sería o último día que estarían con José e que pasarían case 30 anos para volver mirar a Antonio. O motivo foi que, ante o avance das tropas de Franco en distintos frontes de Asturias e Cantabria, e a posible caída das cidades en mans destas, as autoridades da República arranzaran con países como a Unión Soviética, Inglaterra, Francia, Bélxica, México, etc. a evacuación de menores de idade para “*evitarlles os rigores da guerra*” coa crenza xeneralizada de que sería algo temporal, como moito uns meses ata que se resolvera o conflito que a causaba. A pesar de que o goberno da República creou varios organismos encargados explicitamente das evacuacións dos menores como a OCEAR (*Oficina Central de Evacuación y Asistencia a Refugiados*) e a *Dirección General de Evacuación y Refugiados*, sería o Ministerio de Instrución Pública, asesorado e axudado polo Socorro Rojo Internacional o departamento que xestionou as cinco masivas evacuacións con saídas de Cartaxena (2), Valencia, Santurtzi e Xixón, entre 1937 e 1938. Que fora este Ministerio e non outro condicionou moi favorablemente o acontecer, non só académico senón tamén vital dos nenos ao longo, polo menos dun decenio, dado que enviou a mestres e coidadores españois co mandado de que en todo momento os acompañaran e tutelaran.



Escola de Xixón - antes da evacuación - 1937
No centro o mestre Pablo Miaja

Aínda que prevista dende facía tempo, e a causa de precipitarse os acontecementos bélicos, a evacuación foi rápida e desorganizada. Dende os mesmos centros escolares, punto de encontro e recollida de persoal a exiliar, algo máis de mil nenos foron acompañados polos seus mestres e educadores ata o cargueiro «Deriguerina» atracado no porto de El Musel (de Xixón). O xefe e responsable do transporte-expedición dos nenos foi o reputado mestre, director dun centro educativo, chamado Pablo Miaja.

Camión da URSS

O cargueiro francés, para evitar contratempos con barcos de guerra sublevados, saíu aproveitando a escuridade da noite do 23 de setembro de 1937. Tiña programado atracar no porto de Bordeaux mais, ante o fustrigamento do cruceiro «Almirante Cervera», tivo que cambiar de rumbo cara o norte, recalando en Saint-Nazaire o día



Deriguerina (El Musel- 23-9-1937)

24 ás 6 da tarde. Poucas horas despois, os evacuados foron reembarcados no ruso «Cooperación» («сотрудничество») e neste achegáronse ata Londres para repartir a pasaxe co seu xemelgo «Félix Dzerzinski» («Феликс Дзержинский») e partir ambos con rumbo definitivo á cidade rusa de Leningrado (Ленинград)², actual San Petersburgo (Санкт-Петербург), onde foron acollidos con grande agarimo.

Axudou, e moito, que a opinión pública internacional tiña posto a mirada neles cun sentimento de solidariedade e de pena amplificado pola pouca idade dos protagonistas. Se a iso lle xuntamos outros factores, como a imaxe que algúns dos países acolledores (como Rusia) querían dar do seu sistema político, o papel do goberno republicano español, etc. fixo destes nenos uns ‘privilexiados’ no persoal, afectivo e educativo con respecto aos nenos do país de acollida.

A pesares das atencións e considerado trato recibidos, as dúas semanas de travesía ata chegar, 4 de outubro, ao porto de Leningrado converteron a viaxe nun verdadeiro calvario para todos e, sobre todo para os máis pequenos, xa que ás incomodidades propias da navegación, aos mareos coas conseguíntes golsadas, etc. houbo que engadirlle a ausencia da familia, o amoreamento, a escaseza de auga, alimentos, etc.

Paralelo a esa desgraza de nenos levados a un exilio forzoso e afastado dos seus seres queridos, como foi o caso da bueusa Carmen Libertad Rosales Villanueva á que embarcaron no mesmo barco sen o coñecemento e

² Seguirei utilizando o nome de Leningrado por ser o empregado polos “Nenos de Rusia”, tanto na escrita como nas entrevistas orais.

autorización da súa familia, temos a dos pais e familiares nos que se deron as dúas caras dunha mesma moeda de dor, por unha banda dando o seu consentimento para protexelos e pola outra descoñecendo o momento da partida e así poder exercer a posibilidade de evitala.

A familia que quedou en Xixón

Cando se correu a voz de que estaban a embarcar aos nenos para levalos a Rusia, ‘todo’ Xixón foi *“directamente ao porto onde un grande barco, que nunca esqueceré levounos con outros nenos da vista de tantas nais como nos desesperabamos no peirao sen podelos sequer abrazar por despedida. Creo intentei tirarme ao mar detrás do barco, se non o impedise meu marido suxeitándome e facéndome pensar nos demais fillos que deixaba desamparados”*. Laura de 14 anos, Manuel ía cumprir 16 e Josefa recién nada. “Salváronse” da evacuación porque xa non encaixaban na franxa de idade (5-13) requirida. Laura axudaba a súa nai nos labores da casa e Manuel xa andaba na procura de traballo.

Pero disque as desgrazas non veñen soas e así segue a narrar a mesma nai, Josefa Pereira, que *“outro día tamén despedín ao meu marido sen saber que era por última vez, pois o barco onde el pescaba, tampouco volveu a porto, e dixerón que tivera que refuxiarse no estranxeiro ante as dificultades da guerra, bombardeos por mar, aire e demais perigos”*.

Manuel Rey Curra era un sindicalista moi significado, pertencente as asociacións mariñeiras. De carácter intransixente puña por diante de todo, incluso da familia, as normas, as ordes e todo o que eran os ideais da República.

A pesar das palabras de Josefa sabemos que abandonou España, nun barco pesqueiro, con outros sindicalistas e dirixentes republicanos cara o porto senegalés de Dakar para posteriormente trasladarse a Costa de Marfil.

Cando máis negro estaba a situación acendeuse a luz da esperanza para Josefa e os seus fillos. Luz que emanou dunha *“leiteira das montañas de Asturias que me traía a leite para os nenos, e ao mirar a miña situación levoume cos meus fillos á súa casa das montañas e alí me tivo e sostivo ata que terminou a guerra”*.

Ao rematar a guerra na zona Norte, deuse a casualidade que entre os soldados que fixeron a entrada en Xixón (21-10-1937) había varios amigos de Josefa Pereira, veciños dos seus pais en Bueu. Ao recoñecela, e informados por ela das vicisitudes pasadas, axudárona a volver á súa casa de A Cividade-Bueu en Galicia onde traballando de xornaleira, aínda que con grandes dificultades, puido criar aos seus fillos. Traballos e esforzos que segundo ela mesmo relata: *“nada representan para min, ao comparalos coa pena da miña alma sempre*

pendente da sorte descoñecida dos meus fillos desaparecidos. Sempre que viña xente de Rusia era grande a miña esperanza de que chegasen, mais nunca viñan nin noticias do seu paradoiro”.


Co paso do tempo, o seu marido Manuel Curra púxose en contacto coa súa familia co envío dunha foto dende Costa de Marfil. Josefa estivo alí pero ao pouco retornou soa. Manuel nunca máis volveu, deixando unha “viúva de vivo”, soa e con tres fillos que manter.

Os “Nenos” Rey na URSS

Pero, que foi de José e Antonio Rey?

Nada máis chegar a Leningrado, e despois duns días de populares recibimentos, de recoñecementos médicos, de equipamento variado (roupa, calzado, algúns libros, etc.) foron repartidos polas coñecidas como ‘Casas infantís para Nenos Españóis’ ou simplemente ‘Casas de Nenos’. Pese a adxudicación de “Casa” a todos eles aos que estaban en malas condicións físicas por desnutrición, por enfermidades, etc. enviáronos a balnearios, casas de repouso, hospitais, etc. sobre todo na rexión do Mar Negro como Artek, Eupatoria (Crimea), Odessa, etc.

Chegou a haber 16 casas, a maioría na contorna da capital, Moscova. Nas Casas estaban en réxime de internado na que se coidaba a súa formación académica, humana e política. Serían os seus profesores e titores españois os encargados de facelo e tanto eles como o material impreso utilizaban o español como lingua vehicular. Co paso do tempo todo isto irían mudando pouco a pouco ata quedar substituídos por persoal e idioma ruso.



Casa nº 1 - Pravda

Os irmáns Rey, con outros 435 compañeiros, case todos procedentes de Asturias, foron trasladados á Casa nº 1 ou colonia de Pravda (Правда), nunha aldea chamada Tíshkovo a poucos quilómetros da capital. O azar fixo que dos 17 descendentes de galegos que contabilizo en todas as expedicións de nenos á URSS, 11 estaban na Casa nº 1 (irmáns Rey Pereira -2-, os ferroláns Gómez Expósito -5- e os coruñeses Pena Seigido -4-). O resto nas casas nº 3 en Kaluga con 3 nenas e 1 neno de Bueu e de Cangas; na casa de Odessa e na nº 15 de Jarkov, un en cada unha delas.

Coa invasión alemá de Rusia, na Segunda Guerra Mundial, trocou de forma drástica a vida do pobo ruso e dos nenos acollidos por este. Cando se puido, evacuáronos a lugares considerados seguros do Leste e Sueste: Urais, Asia Central, Cáucaso, etc. A un grupo de 300 nenos aloxáronos na rexión de Sarátov (Саратов) repartíndoos polas aldeas e pobos da contorna desta cidade. Aos nenos da casa nº 1, a dos irmáns Rey Pereira, correspondeulles primeiro a aldea de Privolzhskii (distrito de Privolzhskii) e logo na de Kukkus (nelas estarían ata finais do verán de 1944).



*1939-Nenos de 8 anos en Pravda
(Entre os que está Antonio Rey)*

Este territorio, coñecido como a *República Alemá do Volga*, fora proporcionado a inmigrantes alemáns pola tsarina Catalina II, e outros tsares rusos a través de diferentes edictos na segunda metade do s. XVIII, cunha serie de condicións favorables como permitirlles o uso da lingua, relixión, control da educación, administración propia e moitas máis vantaxes que non sempre se cumpriron. No 1941, poucos días antes da chegada das colonias de “Nenos da guerra” á zona, seguían a habitala unha florecente comunidade descendente deses colonos alemáns que agora, pola coincidencia étnica co exército invasor do territorio ruso foran desterrados, case un millón de persoas, a campos de traballo forzado da Siberia e outras zonas do norte e sueste ruso. Coa urxencia da fuxida e desterro tiveron que deixar todo como estaba: casas, campos sen recoller o froito, gando solto, etc. Para os nenos foi unha experiencia inesquecible iso de organizarse en grupos para apañar a colleita que aínda quedaban nos campos, pois se nun principio atopáronse cunha zona rica e coidada, pronto a fame, o frío, os medos, as enfermidades, as mortes, etc. cicelaron nas súas carnes e no seu espírito o carácter estoico dos superviventes pero tamén unha semente de ‘inadaptación’ que no futuro serviu de lastre a moitos para reintegrarse á vida do seu país. Previo ao remate da Grande Guerra, aqueles nenos e nenas que puideron facelo volveron aos seus lugares de acollida anteriores á mesma. José e Antonio así o fixeron ao Óblast³ de



José Rey Pereira

³ Óblast (область): Difícil de encaixar nas divisións administrativas occidentais inferiores á de nación. Aínda que non de todo correcta faremos a equivalencia con ‘federación’, ‘comunidade’, ‘provincia’... dependendo do caso.

Moscova, no setembro 1944, pero a Liublinó e non sen antes pasar, como tamén o fixeron os nenos da nº 5, unha pequena tempada na casa Kuybyshev, actual Samara (CaMapa). Os educadores da Casa infantil nº 1 propuxeron, no ano 1945, a oito nenos e nenas que estaban en centros de estudos artesanais para ser evacuados a outros centros. Dos oito, cinco tiñan problemas de saúde e Aquilino Rey Pereira (nome como aparece José na documentación rusa e nas fotografías que envía a súa nai) tamén figuraba na proposta de evacuación asinada polo director da Casa, Rabinóvich.

Por idade José, sae do paraugas que supuña a Casa e a pesar de estar matriculado no Centro de Estudos Artesanais de Zapatería, acaba incorporándose ao mundo laboral. Aínda que hai informes contraditorios, coñecemos polo seu irmán Antonio que con posterioridade retomaría os estudos para licenciarse en dereito.

Casa, preto de Moscova, cunha rusa de nome Nina da que tivo, a mediados de 1955, un fillo chamado Alejandro.

No 1956 sufriu un desgraciado accidente no río Kimrka (Кимрка), onde conflúe co Volga na cidade de Kimry (Кимры) a uns 130 km de Moscova, a consecuencia do cal morreu.

Seu irmán Antonio seguiu estudando na Casa nº 1 para logo decantarse por unha formación técnica e así prepararse para unha vida laboral algo máis cualificada. Pero os anos que seguiron ao final da Gran Guerra Patria foron anos difíciles tamén que o levaron a traballar como chofer na fábrica de produtos químicos de Schólkovo. Posteriormente estivo durante un tempo detido, ao igual que moitos outros



*Nina, Alejandro e
José (Aquilino) Rey*



Antonio Rey - Krasnodar

españóis en Rusia dos que, un número nada desprezable, estiveron confinados en campos de concentración ou Gulag durante anos. Os motivos eran múltiples, como ter unha actitude crítica ante a súa situación, indisciplina, roubos, etc. aínda que bastantes o foron, e ata con penas severas, por manifestar de forma reiterada a súa intención de retornar a España ou cando menos abandonar a URSS.

Antonio cando foi liberado marchouse a traballar como chofer no suroeste de Rusia, en Krasnodar («Краснодар»), cidade na que tamén se atopaban traballando outros españois como a “nena de

guerra”, Luisa Rodríguez Alonso, profesora de secundaria; ou Federico Doval, natural dunha aldea de Vilagarcía de Arousa, que chegara a Rusia formando parte da División Azul e que, tras ser feito prisioneiro polos rusos pasou anos en campos de concentración. Cando foi liberado pasou a traballar de carpinteiro e vivir nesta cidade onde casou.

Co paso dos anos, Antonio Rey exerceu de encargado no control mecánico de avións nun aeroporto para logo instalarse como operario agrícola e de coches. Coñeceu a Nina, que traballaba de oficinista, coa que se casou un luns, 9 de xaneiro de 1961.



*Antonio Rey
Pereira*


O regreso...

Trala morte de Stalin en 1953, comezouse a notar unha relaxación no práctico veto ao regreso a España, temporal ou definitivo, dos “Nenos de Rusia” ou dos militares exiliados nese país, que así o querían. Tralo movemento nese sentido de institucións internacionais, como Cruz Vermella Internacional, ou a ONU, e a actitude receptiva que España manifestou a partir de 1955, ano no que foi admitida nese organismo, permitiron un achegamento ás autoridades rusas para tratar este tema.

Froito disto foron as primeiras quendas masivas para regresar a España entre o 1956 e 1957. A pesar de todo non foi doado para moitos o decidirse a rachar, unha vez máis, cunha vida e cunha terra e, en moitos casos, cunha familia que xa era a súa.

No 1965, a nai de José e Antonio vivía na casa de Bueu cunha neta, Carmen. Dos outros fillos sabemos que Josefa seguía de monxa en Portugal, que Laura emigrara a Arxentina e Manuel formara a súa propia familia.

Ese mesmo ano reconece ter noticias dos seus fillos “*aínda que pasando pola pena de saber o pasamento de José que me din morren de accidente, xa casado deixando viúva e un fillo, que é outra grande pena non poder coñecer*”.



1965-Carta do Presidente da Cruz Vermella para informar do que Antonio Rey precisa facer para vir a España



***Dúas fotos de Víctor Rey
enviadas á avoa Josefa***

Tamén por esas mesmas datas sabe que Antonio está casado e cun fillo chamado Víctor. Logo tería unha filla chamada Gala.

Josefa Pereira por fin logrou comunicarse con Antonio e ata se escribiron cartas regularmente. Na primeira das cartas el lle fixo saber que *“cría que a súa familia morrera na guerra de España e ao decatarse hoxe de que tiña nai, está tan ansioso de poder reunirnos e vivir xuntos despois de tanta separación”*. Nas mesmas fotos

lle expresaba os seus desexos: *“Para a miña queridísima nai do seu fillo que nunca lle esquece e soña con mirala”* ou *“verte e abrazarte”*.

Pero ese anhelado retorno-reencontro tivo que esperar uns anos máis. Non sería ata 1968 cando veu Antonio Rey por primeira vez a España. Trinta e un ano de ausencia forzada son moitos anos, e máis se foron acrisolados pola dor e o baleiro. Bueu estaba esvaecido na memoria; a excepción era o mar da ría que *“lembraba con moita nostalxia”*. Curiosamente o idioma galego tamén estaba presente: *“Son galego e entendo o galego”* manifestou cando un xornalista contactou con el.

A primeira aperta a súa nai sería no outono de 1968. Foi unha mestura de desexos e unha barreira de estrañeza que o tempo na distancia teceu no corazón do fillo. Choque emocional e sentimentos apuntados moitas veces nas entrevista e documentais nos que os protagonistas era os antigos “Nenos” agora retornados.

A Bueu chegou cun permiso dun mes polo que retornou a Rusia en decembro dese mesmo ano onde tiña muller, fillo e traballo. Tamén o fixo porque aquí case todo lle era alleo. O que durante tanto tempo había idealizado chocaba coa realidade e miserias dun pobo, e dunha Galicia, que seguía a exportar man de obra. Volveu a principios de 1971 e marchou de novo no mes de maio. E así pódese contabilizar que estivo ata cinco veces en España entre 1968 e 1980, que sería á última.

A súa nai Josefa morrería o xoves, 23 de febreiro de 1984. A partires dese momento nada, ou case nada, o ligaba xa a Bueu. Como el mesmo recoñece *“Alí aínda teño algunha familia, pero non manteño contacto”*.



***Antonio Rey Pereira-
1967***

Ao finalizar a Guerra Civil Española o goberno soviético facilitara a nacionalidade rusa aos nenos maiores de 16 anos coa escusa de evitar que a España franquista puidese reclamálos. O 10 decembro de 1993 Antonio Rey Pereira tivo unha cita ante o encargado do Rexistro Civil Consular de Moscova para retomar a nacionalidade española que era un dos requisitos para acceder ás axudas asistenciais que a este colectivo concedía o estado español.



Antonio e Nina Rey na entrevista de Delmi Álvarez en Krasnodar (2005)

Fai 89 anos que un rapaz chamado Antonio nacera no lugar de Xexide-Bueu e que tivo a desgraza, con outros miles de nenos, de pasar, segundo as súas palabras, unha “*vida terrible, moi dura*” nun país que o acolleu pero que o fixo seu demasiado tempo. Dos “Nenos da Guerra”, Antonio foi o último galego vivo na “Rusia” do século XXI.



Escultura de Vicente Moreira en El Musel-Xixón en Memoria dos “Nenos da guerra” saídos dese porto



Carmen Libertad Rosales Villanueva

Outra familia de Buen, a Rosales-Villanueva, tivo a desgraza de vivir nas súas carnes a separación dalgúns dos seus membros nesas operacións de evacuación de nenos organizadas polas autoridades da República.

Grazas ao esforzo recompilador de José Seijas Otero xurdiu do esquecemento a documentación e narración na que se viu involucrada a familia Rosales-Villanueva non só durante a Guerra Civil Española, senón tamén no exilio dalgúns dos seus membros. Relato que dou a coñecer con "Un drama de la Guerra Civil Española" e que a día de hoxe tamén está novelado e pendente de publicación polo profesor e escritor Gabriel Álvarez.

Por todo o cal non vou desentrañar todas as claves da súa historia senón facer un pequenísimo extracto de quen fora unha "Nena da guerra": Carmen Libertad Rosales Villanueva.

II – Carmen Libertad Rosales Villanueva

A familia Rosales-Villanueva en Euskadi

Emiliano Rosales e Carmen Villanueva, pais de Carmen Libertad, chegan ao País Vasco no 1935 para traballar el no mundo do mar, primeiro como fogueiro e logo como maquinista en barcos do Gran Sol, polo que manda vir á familia e asentan en Pasaia, despois en Errenteria e finalmente en Bilbo (1936) onde, aos poucos meses os colle o comezo a Guerra Civil Española.



Emiliano Rosales e Carmen Villanueva

Emiliano, como sindicalista e membro activo do Partido Socialista, púxose a disposición dos grupos Milicianos de Euskadi. Cando a actividade militar estase acercando ao País Vasco, implicase cada vez máis e chega a comandar, co grao de capitán, unha compañía de intendencia, logo outra no Batallón Amantegui e por último no Batallón Baracaldo no que, segundo se cre, nun dos bombardeos un artefacto explosivo impactoulle e morreu sen deixar rastro algún.

Perda das fillas

A súa muller Carmen Villanueva, cos tres fillos, é evacuada polas autoridades da república, primeiro de Bilbo e logo doutras localidades cántabras, coma Torrelavega (Santander), onde consegue un pequeno traballo mentres as dúas fillas maiores, Carmen e Emiliana, van a unha gardería.

Unha mañá, as autoridades republicanas ante a previsión de inminentes bombardeos por parte das tropas franquistas, sacaron aos nenos da gardería para entregalos ás súas familias; e aqueles que eran orfos ou que non estaban os seus pais para recollelos decidiron, sen previo aviso, evacualos con outros que tiñan como destino un país estranxeiro. Había varios barcos con esa misión no porto de Santander pero non se arriscaron neses días polo férreo control da costa que estaba a facer a aviación, e sobre todo, barcos de guerra, como o cruceiro «Almirante Cervera», o «Júpiter», «Velasco», bous artillados, etc.

Ese mesmo día, ao saír do traballo, foi Carmen Villanueva a buscar ás súas fillas á gardería e atopouna valeira. Tras moito preguntar pola zona, dixerónlle que estas foran evacuadas pero ninguén sabía a onde nin en que. Desesperada buscounas por Torrelavega, pobos e aldeas do arredor e ata por Santander. Acudiu a todas as instancias do goberno Vasco e da provincia de Santander, solicitando información non só das nenas senón tamén do seu marido. Ninguén sabía nada das mesmas nin do pai dadas as dificultades organizativas consecuencia da actividade bélica en zonas xa próximas á capital santanderina.

O exilio francés e primeiro reencontro

Poucos días despois, e dado que era considerada viúva dun oficial, decidiron facilitarlle a evacuación nun barco que, á desesperada, saía de Santander.

Foron transportados a un porto francés e posteriormente reclusos nun ‘centro de refuxiados’, que máis ben eran “Campos de concentración” autoxestionados. A ela e ao seu fillo, como a outros moitos, os levaron preto da fronteira catalá, ao Campo de Argelès-Sur-Mer, situado nunha praia do departamento de Pirineos Orientais, rexión do Languedoc-Rosellón, e a pouco máis de 30 km da fronteira española.

Robert Capa, ao contemplar as condicións inhumanas polas que pasaban decenas de milleiros de republicanos españois nese campo, describiuno coma: “*Un inferno sobre a area*”. Aí estivo Carmen Villanueva co fillo Emiliano un tempo ata que decide escaparse e pasar a territorio español, aínda en mans da República, concretamente a Santa Coloma de Farners (Sta. Coloma de Farnès) en Girona.



Muller e fillo no Campo de Argelès-Sur-Mer

(Foto: vskamaleon.blogspot.mx)



Carmen Villanueva

Seguía sen saber do paradiro das súas fillas nin do seu marido polo que púxose en contacto co Socorro Rojo de Euskadi que só lle puido confirmar que Carmen Libertad estaba en Rusia, en boas condicións e ben atendida; pero da outra nena, Emiliana, nada se sabía, pois nos listados de nenos evacuados a aquel país nada aparecía.

Os fados, sorte, destino,... fixeron que entre as tropas franquistas que tomaron Sta. Coloma de Farnès (4-2-1939), lugar onde vivía Carme e o seu fillo, estiveran uns soldados do seu pobo que ao recoñecela e saber do seu infortunio a axudaron para volver a Bueu (unha vez máis vemos a coincidencia e solidariedade entre veciños). Iniciado o retorno á casa familiar, quixo pasar antes por distintas localidades do País Vasco e Cantabria para informarse do paradiro do seu marido e da súa filla Emiliana. Tras comezar múltiples e infrutuosas pescudas polo País Vasco chega a Torrelavega e, despois de rocambolescas coincidencias, a busca da filla Emiliana dou resultados positivos localizándoa cunha familia dun coronel que a recollera na súa casa logo de ser atopada perdida nun monte despois duns bombardeos. Grazas ao tesón de Carmen Villanueva puido recobrar a Emilianita e, agora si, volveu a Bueu, polo menos, con dous dos seus fillos e coa esperanza de recuperar máis pronto que tarde á súa filla Carmen Libertad.

Co tempo soubo o que ocorrera coas súas fillas, o por que da separación das mesmas, cal fora o destino de cada unha, etc.

Carmen Libertad Rosales Villanueva

No caso de Carmen Libertad, que cando tiña 8 anos de idade "desaparecera" da gardería fora que a levaran con outros moitos nenos a Santander, por non dar atopado a ninguén da familia e por seguridade. Logo dende alí, polas condicións bélicas do momento, en camións ata Xixón para coller un barco, o *Deriguerina*, que con algo máis de mil nenos e nenas saía do porto El Musel con destino a Leningrado (23-9-1937). Aos poucos días da chegada ao porto ruso de Leningrado, Carmen e algúns dos seus compañeiros, foron levados a unha Casa de repouso situada en Planernaya, nos arredores de Moscova, para se repuxeran un pouco, no só da viaxe senón das secuelas físicas e psicolóxicas que a guerra cicelara neles.

Co inicio do curso escolar foron repartidos en distintas residencias e ao seu grupo adxudicáronlle a Casa infantil nº 3 no poboado de Ajlebinino, da cidade

de Kaluga (Калуга) situada no oeste ruso a cento cincuenta quilómetros de Moscova.

Pasado un tempo chegaron a Kaluga tres irmáns galegos desprazados da casa de número 5. Circunstancia que sería relevante para a vida de Carmen Libertad en Rusia e para o seu regreso a España. Unha das irmás, Pepita Martínez Agulla, natural de Cangas de Morrazo pasou a ser a súa mellor amiga xa que había moitas cousas que as unían: como ter a mesma idade, ser as maiores de dous irmáns, falar unha lingua común, estar na mesma situación nun país que non era o seu, etc.



Rusia: Amigas de Carmen Libertad

No curso 1939-40 suprimiron primeiro a Casa de Kaluga e logo a nº 2 de Krasnovidovo (Красновидово).

Na de Kaluga fixeron dous grupos pola idade; a dos pequenos, no que estaba Carmen, estiveron un pouco tempo na Casa de Krasnovidovo, mentres se lles preparou a de Tarasovslaya.

Coa invasión alemá na Segunda Guerra Mundial, todas as Casas con nenos españois que puideron, fuxiron cara o leste. Polo que a finais dese ano de 1941 aos nenos das Casas nº 3 e 12 embarcáronas no porto fluvial de Jimki (Химки) desde o que navegaron polo Volga en dirección a Stalingrado. A colonia de Carmen asentouse nos arredores de Leninsk, á beira do río Ajtuva. Foron anos terribles onde o que lles quedou gravado na memoria foi o medo, o frío e a fame. Estiveron nese lugar ata o verán do 1942 en que, trala contraofensiva a Stalingrado, deciden protexelos do fronte bélico e os transportan en tren ata Samarkanda (Samarqand) na afastada República de Uzbekistán (Asia Central), onde había moitas nenas españolas doutras colonias, dedicadas fundamentalmente a recoller algodón. As condicións seguiron a ser deplorables en canto á alimentación, temperaturas extremas, etc. ao que habería que engadir dificultades de comunicación por atoparse cun novo idioma; pero polo menos estaban seguras.


Pouco antes do remate da Gran Guerra Patria, e xa con 16 anos, regresan a preto de Moscova e ela comeza a traballar na industria téxtil. Asinada a capitulación alemá, en maio de 1945, Carmen decide estudar unha carreira técnica.



*Carmen Libertad
con 15 anos*

O fai matriculándose coma Mecánico Axustadora para ser operaria na fabricación de máquinas de escribir e para iso desprazase durante un tempo a Leningrado. Meses despois de rematado o curso ponse a traballar primeiro nunha fábrica na cidade de Sarátov e logo na de Schólkovo, aquí de novo como obreira téxtil. Dáse a coincidencia de que por esas datas tamén traballaba nunha das fábricas da zona o bueués Antonio Rey Pereira.

Será a partires de 1946 cando se crea un vínculo de unión, a través da correspondencia, de Carmen coa súa nai e irmáns en España, grazas á estrutura de comunicación (Cangas-Arxentina-Rusia) que xa tiña a familia canguesa da súa amiga Pepita. E así comezan a cartearse tendo coma enlace ao seu tío Manuel Villanueva, residente na Arxentina, que mandaba as cartas que recibía de Rusia a Bueu e as de Bueu para Rusia.



1955 - Carmen Libertad e o seu tío Manuel Villanueva

No 1955 houbo un encontro de Carmen Libertad e o seu tío Manuel no porto de Leningrado a onde este chegara cun barco de bandeira Arxentina.

Tras cambiar a política rusa e española con respecto ao retorno dos ‘nenos da guerra’ e despois de ser reclamada pola súa familia, Carmen Libertad toma o primeiro barco de repatriados, o «Crimea (Крым)», que saíndo o 22 de setembro de 1956 de Odessa chegaría o día 28 de setembro ao porto de Valencia con pouco máis de medio millar de españois, algúns coas súas familias rusas. Unha desas persoas que con ela viaxou repatriado no mesmo barco foi o bueués José Antonio Mauricio García. Os dous chegaron a Bueu o 3 de outubro de 1956.

Como veu sendo bastante xeneralizado nos retornados a adaptación á nova realidade foi bastante difícil, non só polo carácter de cada quen, educación recibida ou pola dureza e amarguras da vida no exilio, senón tamén pola sociedade submisa, desigual, machista, laxa no económico e laboral, etc. coa que se atoparon na España dos anos 50.

Carmen, persoa íntegra nas súas conviccións, pode que non fora unha excepción. O que si sabemos é que deixou o seu labor nas oficinas da fábrica de Massó optando por emigrar a Alemaña no 1964 onde viviu e traballou case un cuarto de século como mecánico na fábrica de máquinas de escribir Addler. Ao pouco de xubilarse fixou a súa residencia en Bueu e, no 2001, o destino quixo que falecera fóra da súa terra, na cidade de Frankfurt.

« Outro exiliado na URSS »

Tras os '*Nenos da Guerra*' poremos a mirada naqueles que foron a Rusia xa maiores polas mesmas datas e que por diversas circunstancias, todas elas relacionada coa Guerra Civil Española, tiveron que padecer o exilio.

O abano das causas diso é amplo: aviadores e mecánicos da República enviados a seguir cursos á URSS, dirixentes da república que fuxiron para ese país ao finalizar a Guerra, educadores e acompañantes dos Nenos evacuados, soldados da División Azul que desertaron ou foron capturados, persoal civil e militar dos 8 barcos incautados polo goberno soviético no Báltico e no Mar Negro, etc.

Imos facer unha pequena homenaxe a todos eles ao través dun resumo biográfico dun galego, o bueués José Antonio Mauricio García, que padeceu un exilio forzoso de case vinte anos na URSS.

O bueués, José Antonio Mauricio García



J. Antonio Mauricio García
Moscova 1950

José Antonio Mauricio García (1916-1976), nado no barrio da Praia de Bueu (Pontevedra) a véspera da Noiteboa de 1916. Foi o segundo, e único varón, de 6 irmáns (Soledad - 1915, José Antonio - 1916, Carmen - 1919, Dolores - 1921, Emilia - 1923) e María - 1926), fillos de Angélico Mauricio Martínez e Soledad García Rosas.

Case vinte anos despois, no xaneiro de 1936 temos a uns cantos mozos de Bueu accedendo á primeira quenda das quintas. Nela estaba José Antonio Mauricio que a pesar de traballar de ferreiro no taller que o seu pai tiña na Banda do Río de Bueu, actual rúa Caripa, posuía a Libreta de Mar polo que lle correspondeu facer o servizo militar na Armada.

Acoirazado «Jaime I»

Tras un curto período de instrución no Ferrol o seu primeiro destino é formar parte, en calidade de *maríñeiros de 2ª*, da dotación do acoirazado «Jaime I». Como compañeiros del nese barco estaban os bueuses Enrique Pousa Aldao, xa veterano por ser da quinta do ano anterior, así como Carlos Corral Ferreiro e José Castro Estévez, algo máis novos ca el xa que se enrolaran como voluntarios na Mariña o 20 de xaneiro de 1936.

O 17 de xullo de 1936, data da rebelión militar en Melilla que supuxo o punto de inicio da Guerra Civil Española, o barco «Jaime I» está atracado no porto de Santander. Ante as noticias con aires bélicos que proviñan desa zona do norte de África o



Acoirazado Jaime I

goberno ordenou a súa saída cara o estreito de Xibraltar pero facendo escala en Vigo para avituallarse e recoller a parte da tripulación xa que nesas datas un terzo da mesma atopábase de permiso.

O día 20 sen completar o previsto saen a toda presa de augas galegas con destino ao Sur. O ambiente entre a oficialidade, mandos intermedios e mariñeiría estaba bastante enrarecido desde que días atrás o goberno cambiara ao comandante. As mesmas autoridades do ministerio de Mariña non se fiaban de moitos dos oficiais que aínda quedaban, sobre todo desde que tiveran constancia de que nas manobras navais que no mes de maio se fixeran en Canarias houbera reunións ‘sospeitosas’ do Comandante Xeral de Canarias, Francisco Franco Bahamonde, e os xefes e oficiais do Estado Maior e buques presentes nas mesmas, como o «Jaime I».

A medida que pasaban as horas, a tensión incrementábase pois as ordes non eran nada clarificadoras en canto ao partido que na guerra, xa comezada, tomaría a cúpula de mando do acoirazado.

En vista do cal, 15 dos cabos afíns ao Fronte Popular, a Unión Militar Republicana Antifascista (UMRA) ou simplemente con tendencias libertarias tiñan preparado un plan para facerse co barco. Só estaban á espera das ordes do goberno; orde que chegou a través da radiotelegrafía.

Armados, deciden reducir á oficialidade, que se resiste. Tras un cruce de disparos logran acceder á ponte de mando causando máis dunha ducia de mortos entre a oficialidade (2 capitáns de corveta, 5 tenentes de navío, 6

alféreces) así como de prisioneiros, algúns dos cales serían executados días despois.

Por parte da tropa (cualificada por eles, de ‘leais’) morreron 2 auxiliares, un mestre instrutor e 1 cabo artilleiro.

Para tomar as rendas do buque, sobre todo no político, noméase un Comité de Mando que será un órgano formado, nun primeiro momento, por auxiliares, cabos e mariñeiría afín.

Ao longo de case un ano de participación na guerra (Tánxer, Ceuta, Málaga, Mallorca, Almería, etc.) o «Jaime I» sofre bombardeos con mortos e feridos, así como danos relevantes, en repetidas ocasións.

Aínda que nas accións máis lutuosas e vivencias máis dramáticas en que estivo implicada parte da tripulación, tanto no buque como en terra, non aparece significado José Antonio Mauricio, estas si van a condicionar o seu futuro. Tampouco aparecen sinalados o resto dos bueuses, compañeiros seus no barco se exceptuamos a Enrique Pousa Aldao que foi acusado, coma outros da tripulación, no sumario 1189 de 1938 por “*pertencer ao persoal do «Jaime I» e «España». E tomar parte no asasinato da oficialidade tirándoos atados á anga*” así como noutros crimes e asasinatos e ata do afundimento do «Jaime I», polo que estivo en prisión bastantes anos.

Efectivamente sería unha explosión, por causas descoñecidas (Sabotaxe? Explosión caldeiras? Soprete dun traballador?...), a que acabou co acoirazado o día 17 de xuño de 1937 no peirao La Curra de Cartaxena onde estaba a ser reparado. Neste ‘accidente’ morreron máis de 300 persoas e houbo algo máis dun cento de feridos. Dous deses mortos eran de Bueu: Enrique Graña Pouseu e Joaquín Ríos Chamadoira.

O pai e o primo...

Dadas as dificultades de comunicación entre os distintos puntos do país por estar este en guerra e, o aínda máis difícil, entre territorios controlados por gobernos enfrontados fainos pensar que José Antonio descoñece, polo menos nun primeiro momento, a breve detención do seu pai Angélico Mauricio Martínez, por ‘*ser das esquerdas*’, que se saldou cuns días no depósito municipal de Bueu, con malleira incluída.



Pai: Angélico Mauricio

Por esas mesmas datas dáse o arresto (31-8-1936) e posterior procesamento, do seu primo Angélico Mauricio Martínez “O Menichu”. Os apelidos do pai coinciden cos do primo por tomar este os da súa nai solteira. Angélico “O Menichu” estivo incurso no Bando de

declaración do Estado de Guerra, na causa 1308, en compañía de 7 veciños máis, por “rebelión” por, supostamente, dedicarse a “*buscar dinamita para voar as pontes da ‘Chadiza’ na estrada de Buen a Cangas por Beluso e o de ‘Canudo’ na de Buen a Cangas por Portela’*”.

Condenado a cadea perpetua e inhabilitación, pasa por diversas cárceres, entre elas o Lazareto de San Simón, ata que o 16 de maio de 1937 pasa ao penal de San Cristóbal, no monte Ezcaba preto da capital Navarra

O domingo 22 de maio de 1938 houbo unha fuga protagonizada por 800 reclusos. A consecuencia da mesma morreron ou foron fusilados 206 persoas das que 6 eran de Bueu: Angélico Mauricio Martínez, Salvador Parada, José Ave, Salvador Lobeira e Benito Núñez. Outros bueuses morreron en San Cristóbal ou no seu posterior traslado a outras prisións. Só 12 bueuses puideron volver a casa.

Manuel Vidal Ogando...

Aínda que na distancia, outro barco se cruzaría na vida de José Antonio Mauricio. Este sería o cruceiro «*Almirante Cervera*». Mentres o «*Jaime I*» estaba a defender as costas españolas polo sur o «*Almirante Cervera*» o facía, con bandeira distinta, polo norte. Nun primeiro momento da guerra ambos barcos estaban no mesmo bando ata que unha importante parte da tripulación do «*Almirante Cervera*» foi detida, algunhas nas mesmas rúas da cidade ferrolán, pola súa actitude na toma do barco, na defensa de Ferrol e da legalidade vixente. A represión sobre os mesmos aínda continuou anos despois do inicio da guerra. Así houbo varios consellos de guerra por “rebelión” nos que se ditaron sentenzas a morte, reclusións perpetuas, a meses e anos de prisión; tamén 16 absolucións. Das penas de morte algunhas foron conmutadas pola de cadea perpetua, como lle ocorreu ao bueués, mariñeiro distinguido, Manuel Vidal Ogando, cuñado da irmá, Emilia, de José Antonio Mauricio.

Registro de *Menichu*
N.º *3 SET. 1938*
Fecha *3 SET. 1938*

Guardia Civil
PROV. DE *León*
PUERTO DE *Bueu*

Paseo a la digna autoridad de V. admita en el Depósito Municipal de su cargo, al vecino de este Ayuntamiento, ANGÉLICO MAURICIO MARTÍNEZ, que ha sido detenido en el día de hoy por haberse dedicado el día 19 ó 20 del pasado mes de julio, a buscar dinamita para volar los puentes de la «Chadiza» en la carretera de Buen a Cangas por Beluso y el del «Canudo», en la de Buen a Cangas por Portela, quedando como incurso en el bando de declaración del Estado de Guerra, a disposición del Excmo. señor Delegado de Orden Público de la Provincia.

!! Viva España !!
Buen 31 de agosto de 1.938
Sr. Alcalde Delegado de Orden Público del Ayuntamiento


Jose Lamas de
Lamas

3020

**Detención de
Angélico Mauricio Martínez
'O Menichu'**

O «Juan Sebastián Elcano»

Un terceiro barco (e non sería o último) interfire na vida do mariño José Antonio. Será o mercante «Juan Sebastián Elcano», requisado á Compañía Transatlántica, polo goberno republicano a inicios do 1937 para servir de



«Juan Sebastián Elcano»

aloxamento aos que chegaban a Barcelona desprazados pola guerra. Logo ante a necesidade de transportar alimentos e material bélico comeza a facer a ruta ao porto de Odessa, no Mar Negro. Serían tres as viaxes levando froitas, chumbo e outros produtos e traendo trigo, algodón, etc. e, sobre todo, repostos para a aviación e armamento en xeral.

Pouco antes de que parta o «Juan Sebastián Elcano» de Cartaxena para realizar unha terceira viaxe, José Mauricio García é destinado a este barco, 11 de xullo de 1937, en calidade de artilleiro.

Odessa (Oдecca)

Chegaron con toda normalidade a Odessa e o 19 de xullo xa estaban cargados de material militar (repostos para a aviación) e preparados para saír cando, inexplicamente, os rusos mandaron baixar a toda a tripulación, un cento de homes, e incautaron o barco aducindo erros nos permisos e documentación do mesmo. Aínda que se deron máis explicacións, interpretacións ou xustificacións deste feito que variaban segundo o nesgo ideolóxico de cada un. Estas van dende o roubo, puro e duro, das embarcacións ata as dunha política de protección e tutela de embarcacións, tripulación e mercadería, por parte das autoridades rusas, polo risco que supuña neses momentos a navegación polo Mediterráneo.

Rematada a guerra en España o barco foi incorporado á armada rusa no Mar Negro e ao longo dos anos foi modificado para axustalo ás necesidades militares (taller, hospital, mercante artillado,...) e en cada unha destas funcións era bautizado cun nome distinto («Volga», «Odessa» ou «Jakutia») así ata o 1968 que foi desmantelado no porto Inkermnan da península de Crimea

José Antonio Mauricio García, e o resto dos compañeiros da tripulación, sen poder regresar a España, foron confinados nunha situación xurídica

bastante estraña pois non encaixaban en ningún dos motivos: prisioneiros de guerra, contrabandistas, refuxiados, “emigrantes políticos”, etc. e, para máis, pertencían a un país e a un goberno ‘amigo’. E segundo recolle Luzia Lordache *“os tripulantes situados en Odessa foron desembarcados e trasladados a unha residencia do Comisariado do Pobo para a Mariña, mentres que a súa alimentación corría a cargo da Compañía Navieira do Mar Negro”*.

De todas as tripulacións retidas, algúns foron repatriados no 1938, 1939 e 1954. Rematada a Guerra Civil Española, aos que non retornaran lles deron a ‘elixir’ se querían volver á España de Franco ou quedar. Ante esta pregunta trampa moitos decidiron quedar e outros optaron por unha terceira vía, solicitar saír a países europeos (Francia, Belxica, etc.) ou a países Latino Americanos (México, Uruguai, Arxentina, etc.). Aos que insistían nesas demandas foron tidos por ‘inimigos’, ‘desertores’,... e os máis significados por desexar volver a España, foron internados en campos de traballo ou gulag de Járkov, ou máis ao leste en Krasmoiarsk, ou en Norilsk (ao norte do Círculo Polar Ártico), etc.

Antonio Mauricio pediu exiliarse en Arxentina, e ao non permitírselle, pasou a ser un máis dos moitos que lles ‘tocou’ quedar na URSS. Polo menos aos inicios o fixo en condicións precarias, traballando case un par de anos nunha fábrica-estaleiro na mesma Odessa.

Rostov (Ростов)

Cando finalizou o verán de 1939 o Consello Central dos Sindicatos Soviéticos colocan a traballar en distintos tipos de fábricas a máis de medio cento dos militares españois. Ao noso protagonista correspondeulle unha fábrica na cidade de Rostov.

En 1941, será nesta cidade onde o sorprende a invasión alemá ou, o que para os rusos veu sendo, a “Grande Guerra Patria”. El, ao igual que fixeron moitos compañeiros retidos no territorio ruso, alistáronse como soldados para dar continuidade a súa guerra particular sobre o ‘fascismo’; iniciada, e perdida, anos antes en España.

Ordzhonikidze (Орджоникидзе)

Pouco tempo despois sería trasladado a outra fábrica na que tamén se producía material de guerra, a 400 km ao Sur de Rostov, na cidade de Ordzhonikidze, krai ou rexión de Krasnodar (Краснодар).

Aktobé (Ақтөбе)

Logo, ante avances das tropas alemás, moitos obreiros e poboación rusa escapan cara o leste. José Antonio chega evacuado á provincia de Aktobé no afastado Kazajistán, e máis concretamente, na capital Aktobé que naqueles anos era coñecida coma Aktyubinsk. Rexión na había campos de concentración de tristes lembranzas para algúns cidadáns españois.

Alí traballou case un ano e, mobilizado de novo polo exército ruso, foi trasladado a Moscova.

Obreiro en Moscova (Москва), guerrilleiro en Crimea (Крым) e de volta en Moscova

Chega á capital rusa no 1944 para traballar nunha fábrica de instrumentos de medicina. Alí coñece a outros españois, algúns do Partido Comunista de España (PCE) que o animan a afiliarse. Isto lle dará, ante as autoridades rusas, un ‘plus’ de fiabilidade como elemento do sistema.

En compañía de soldados rusos e camaradas españois foi recrutado, hai quen di que foron eles mesmos os que se ofreceron a Stalin, para formar parte dunha brigada de guerrilleiros ao servizo do *Comité do Pobo para Asuntos Internos* (máis coñecida coma NKVD). Para o cal recibiron, durante tres meses, formación teórica e práctica en tácticas de guerrilla, de infiltración, vixilancia, manexo de explosivos, sabotaxes, captación da poboación civil, propaganda, etc.

Dicir que había moitos grupos de guerrilleiros que tiñan entre os seus membros un número significativos de republicanos españois., como os dos rusos Medvediev, Tvórogov, etc. ou como os comandados polos españois Domingo Ungría J. Fernández, J. Gómez, E. García, F. Rioja, F. Gaspar, José Fusimaña en Crimea, etc.

Os guerrilleiros españois, como José Antonio, conformaron unha páxina especial na “Gran Guerra Patria” non só polo valor demostrado senón pola eficiencia das actividades realizadas contra os exércitos alemáns en distintos lugares da xeografía rusa: dende o Báltico ao Cáucaso, de Moscova a Crimea, etc.

José Antonio Mauricio estivo realizando o seu labor guerrilleiro nunha zona, a de Crimea, que lle era coñecida por ter vivido case un lustro preto dela, desde aquel fatídico ano de 1937 que fora retido en Odessa ata a súa estancia en Ordzhonikidze. Aínda que o tempo que estivo operativo como guerrilleiro foi curto (dous meses) xa que finalizou a guerra, as accións realizadas polo seu

grupo foron relevantes para acelerar a fin da mesma por dar a coñecer a tempo real os movementos do inimigo, así como por atacar obxectivos estratéxicos da retagarda e dinamitar puntos neurálxicos das comunicacións e transporte alemáns.

Finalizada a súa actividade guerrilleira é desmobilizado, polo menos oficialmente xa que na realidade segue a pertencer ao servizo de información e vixilancia do NKVD, pasa a vivir na capital Moscova. A súa ‘pantalla’ ou actividade laboral será nun complexo industrial onde está a fábrica T-30 na sección dedicada á fabricación de avións para posteriormente pasar á sección de “aparatos para viaxeiros”. Nesta situación estivo ata que no 1956 déronse as condicións axeitadas para ser repatriado a España.

José Antonio Mauricio en España

José Antonio chegou repatriado, ao porto de Valencia, o 28 de setembro de 1956. O fixo no barco ruso «Crimea» (Крым), procedente de Odessa, na primeira das expedicións oficiais organizadas a este fin.



Barco ruso «Crimea (Крым)»

Ao pouco os retornados, foron trasladados en autobuses a Zaragoza para ser interrogados no *Colegio de Huerfanos del Magisterio*, asesorados polos servizos de intelixencia norteamericanos, coa desculpa de facilitarlles a documentación española. De Zaragoza tivo que ir para a súa casa de Bueu, que era para onde tiña autorización, pois el pensaba achegarse primeiro á Barcelona coa súa ‘compañeira’, unha catalá chamada Lucía de Pablo Cuéndez, que coñecera na súa estadía en Moscova e coa que tamén fixera a viaxe de retorno dende Rusia.

O 3 de outubro son recibidos en Bueu José Antonio e a “Nena da guerra” en Rusia Carmen Libertad Rosales Villanueva, repatriada no mesmo barco.

A partir do 1957, a gubernamental Comisión Coordinadora de Repatriación, para evitar problemas cos retornados de Rusia, toma en serio as vantaxes políticas e sociais de que este colectivo conseguira introducirse rapidamente no mercado laboral e para iso articula enlaces con empresas, propietarios de vivendas, etc. para facilitarlles no posible a integración

José Antonio ao pouco tempo de chegar fincouse en Vigo, nun primeiro momento na casa duns familiares, primos por parte do seu pai Angélico. Nesta cidade pronto atopou un traballo de soldador de 1ª clase no sector naval, na empresa Hijos de J. Barreras de Vigo. E tal como indica o “Informe de adaptabilidad” policial: *“Non se lle coñecen actividades políticas de ningunha clase; conceptúaselle como apolítico. Está satisfeito na empresa onde traballa e resúltalle grato o ambiente de España, en comparación co que gozaba en Rusia...”*

Lucía de Pablo e José Antonio Mauricio

Cando puido independizarse quixo tamén formalizar o matrimonio con Lucía de Pablo Cuéndez e casaron en San Miguel de Bouzas (Vigo) un domingo, 16 de abril de 1961. Non tiveron fillos.

A biografía da súa esposa, Lucía de Pablo, merecería un apartado, quizais máis amplo, pero ante a ausencia de datos vou dar unhas pequenas pinceladas: Naceu na provincia de Barcelona no 1919, sendo moza afiliouse ao Partido Socialista Español. Con 19 anos decidiu ir coma voluntaria na misión humanitaria que desprazaba a miles de nenos e nenas e que os levaban a países de acollida como Francia, Reino Unido, México, ... e Rusia. Sería en este último país a onde ela chegou cun grupo e púxose a traballar para atendelos no que se deu en chamar “Casas Infantís”. Hai constancia que traballou nelas, polo menos, de 1938 a 1947 e dado que non tiña formación pedagóxica o fixo en distintos traballos auxiliares, como o de modista, que exerceu, ata 1943, na casa nº 5 de Óbninsk (ou Obninskaya) a 100 km de Moscova .

Intuímos e lembramos na vida de José Antonio Mauricio *García* e de Lucía de Pablo Cuéndez vinte anos de ausencia forzada polos acontecementos e pola política; experimentado agudas nostalxias dos seus seres queridos e da terra e o mar que os viron comezar a medrar como persoas. Vinte anos que marcaron o carácter e a forma de mirar o mundo pero que, ao contrario doutros compañeiros deixados polo camiño da vida, tiveron un final tantas noites agardado. Vinte últimos anos nos que grazas á súa familia, ao seus traballos, aos amigos, ... á súa terra, nos deixaron rastros que nos permitiron gravalos na Memoria do seu pobo para que non caían no esquecemento.



José Antonio Mauricio e Lucía de Pablo

Bibliografía

- Archivo Municipal de Bueu. Arquivoiro, Belarmino Barreiro Rosales.
- Alted Vigil, Alicia; Nicolás Marín, Encarna e González Martell, Roger: «Los niños de la guerra de España en la Unión Soviética. De la evacuación al retorno (1937-1999)» de. Madrid. 1999. Fundación Largo Caballero.
- Comin Colomer, Eduardo. «La república en el exilio» Edit. AHR, Barcelona, 1957
- Diario Oficial del Ministerio de Marina.
- Elpátievsky, Andrey Valerianovich: «La Emigración Española en la URSS. Historiografía y Fuentes, Intento de Interpretación». <http://www.exterior21.org/publicaciones/08%20Yelpatievski%20FINAL.pdf>
- Encinas Moral, Ángel Luís. «Fuentes históricas para el estudio de la emigración española a la URSS (1936-2007)» <http://www.exterior21.org/publicaciones/FUENTES%20HISTORICAS%20EMIGRACION%20URSS.pdf>
- Hernández Conexa, Ricardo e Ibáñez Rubio, Miguel. «El acorazado Jaime I» Cartagena Histórica. Cuaderno monográfico nº 4. Edit. Aglaya
- Iordache Câtstea, Luzia: «El exilio de los pilotos y marinos españoles en la Unión soviética». Inst. Ciencias Políticas y Sociales/Universidad de Barcelona, 2013. Trocadero nº 25 pp. 81-101. <https://revistas.uca.es/index.php/trocadero/article/download/1970/1815/0>
- Iordache Câtstea, Luzia: «Vidas y destinos. Los marinos republicanos del Gulag». Drassana, 18. 2010. <https://core.ac.uk/download/pdf/39096823.pdf>
- “La infancia que partió la guerra” Entrevista telefónica con Antonio publicada no xornal La Voz de Galicia o 22 de febreiro de 2005.
- Laruelo Roa, Marcelino: «Muertes Paralelas: El destino trágico de los prohombres de la República». Xixón, 2004.
- Mamen del Cerro. Documentos RNE - Los niños de Rusia, historia del desarraigo - 20/07/13 https://mediavod-lvlt.rtve.es/resources/TE_SRDOCU/mp3/9/7/1350653443879.mp3
- Moreno Izquierdo, Rafael: «Los niños de Rusia. La verdadera historia de una operación retorno». Edic. Crítica. Barcelona 2017
- Pamies, Teresa. «Los niños de la guerra» Bruguera, 1977
- Vilanova, Antonio: «Los olvidados. Los exiliados españoles en la segunda guerra mundial». Ed. Ruedo Ibérico. París 1969
- Young, Glennys: «¿Sujetos peligrosos? Repatriados españoles desde la URSS en la Provincia de Vizcaya, 1956-1963». *Cuadernos De Historia Contemporánea*, 38, 103-127. <https://doi.org/10.5209/CHCO.54292>
- <http://www.mgar.net/docs/gcivil.htm>

AGRADECEMENTOS:

- José Seijas Otero e Emiliana Rosales Villanueva pola información, pola documentación e por todas as facilidades dadas.
- Á Celso Otero e á súa filla Beatriz pola información e material gráfico de José e Antonio Rey.
- Angélico Luís Vidal Mauricio pola información e polas fotografía familiares dos Mauricio.
- Aos familiares de Carmen, José, Antonio e de Mauricio non citados aquí.
- Delmi Álvarez polo excepcional traballo que da emigración galega está a facer coma escritor e foto-xornalista. Tamén polo fermoso documental “A última fotografía” (dirixida por Andrés Mahía para a TVG) onde entrevistaba ao vilagarcían Federico Doval, ex-soldado da División Azul, e ao bueués Antonio Rey Pereira, na cidade de Krasnodar.
- Ao Museo Massó de Bueu como institución e ao persoal do mesmos polas facilidades dadas para a divulgación da Historia de Bueu.
- Ao equipo de *O Mar por diante* : Loli Docampo, Francisco Rodríguez e Xaime Toxo.
- A Xosé Leal , responsable da Concellaría de Cultura do concello de Bueu, e a toda a Corporación pola súa aposta pola Cultura.